Rías Baixas

memoria exercicio

2018

Carta do presidente

Juan Gil de Araujo González de Careaga

Presidente do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas

Un documento como o que ten hoxe o lector nas súas mans debe ser quen de reflectir o traballo realizado pola organización durante todo un ano; debe ser o resumo de moitas decisións tomadas nese tempo; referirse ao esforzo das moitas persoas que compoñen a nosa organización; ten, en fin, que facer visibles os resultados obtidos e os beneficios aportados á sociedade. Pero ademais de todo iso, ten que ser quen de transmitir a maneira de non perder de vista o fin último ao que se dirixe todo aquelo, que non é outra cousa que garantir o futuro dun sector económico do que, en definitiva, dependen moitas familias.

Non perder de vista o noso sinal de identidade, o que nos define como Denominación de Orixe Rías Baixas, é imprescindible para encabezar esta organización e dirixirla cara novos retos. Son máis de seis mil familias as que viven arredor da nosa actividade. Levamos máis de trinta anos propoñendo normas e ferramentas para manter e mellorar a calidade dos nosos viños, e para mellorar a percepción que deles poidan ter os consumidores. Percorremos moitas veces o mundo para explicar as virtudes dos viños que elaboramos. Todo iso vai dando os seus froitos, e é así como as cifras nolo van facendo ver.

Así, se falamos de viño calificado polo Órgano de Control e Certificación, podemos observar un crecemento do 2,8 % con respecto ao exercicio anterior, acadando a cifra de 25.562.695 litros de viño. Se nos referimos ás cifras de exportación, en 2018 vendimos máis e máis caro a preto de 70 países, que gastaron case corenta millóns de euros en máis de 7 millóns de litros dos nosos viños. E son xa 109 adegas das 183 actualmente inscritas as que están vendendo internacionalmente e apoiándose nalgún dos nove plans de exportación hoxe en día en marcha. O noso esforzo ten un sentido e unha razón de ser.

Pero eso son as cifras. Logo están os sentimentos. Gústanos a nosa Galicia, esa España verde onde vivimos, cun clima oceánico marcadamente atlántico, de temperaturas suaves e precipitacións regulares en inverno, con veráns agradables que fan posible que as nosas uvas, as nosas extraordinarias variedades autóctonas, maduren con equilibrio para darnos o marabilloso froito dos seus viños. Iso é o que temos que transmitir, a nosa terra, a nosa cultura, a nosa manera de ver a vida, porque esa é a mellor promoción para os nosos produtos.

Comunicar cómo cultivamos os nosos viñedos, como o fixeron os nosos bisavós, os nosos avós, os nosos pais, que nos traspasaron a súa sabiduría, pero aplicando sobre eles o que vamos aprendendo cada día co noso esforzo innovador. Botar por terra ese tesouro que é o noso particular xeito de facer as cousas sería o maior dos erros. Deixarse levar por intereses que esquezan a nosa tradición sería perder a nosa esencia. Sería o camiño cara a irrelevancia.

PRESIDENTE

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga

VICEPRESIDENTE

D. Julio Reboredo Froiz – Blanco Chaves y Abuelo, S.L.

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Antonio Álvarez Suárez – Agromiño, S.L.
D. Manuel Carrera González.
D. Fernando Crusat Méndez – TELENAVAL, S.L.
D. Manuel A. Dopazo Padín – Adega Vieites, S.L.
D. Carlos Gómez Davila – Adegas Valmiñor, S.L.
D. Juan José Maquieira Cacabelos
D. Juan Carlos Suárez Penas
Dª. María Ángeles Vicente Manzano

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. Fernando Bandeira García – Bodegas La Val, S.L.
D. José Chaves Martínez – Bodegas Chaves, S.L.
D. Antón Fonseca Fernández – Bodegas Terras Gauda, S.A.
D. Horacio Gómez Araujo – Adegas Tollodouro, S.A.
Dna. Mª Victoria Mareque Bueno – Pazo de Señoráns, S.L.
D. Pedro Martínez Hernández – Agro de Bazán, S.A.
D. Gerardo Méndez Lázaro. – Bodegas Gerardo Méndez, S.L.
D. César Méndez Padín – Viña Cartín, S.L.
D. Antonio Méndez Rodríguez – Bodegas Señorío de Rubiós, S.L.

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

Dª. María Salomé Canceda Romero – Viña Moraima, S.C.G.
D. Carlos Carrión Álvarez – Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
D. Juan Vázquez Gancedo – Bodegas Martín Códax, S.A.U.
D. Xavier Zas García – Adega Condes de Albarei, S.A.U.

VOGAIS DELEGADOS

D. Antonio Crespo Iglesias
D. José Manuel Fernández Castro

As exportacións cotizan ao alza

En 2018 superáronse os 7 millóns de litros vendidos e creceron os mercados tanto en volume como en valor

A exportación dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas mantivo durante 2018 a liña ascendente do último quinquenio, tanto en volume como en valor, e rexistrou 7.184.455 litros vendidos nos mercados internacionales por valor de máis de 39 millóns de euros.

En xeral, o comportamento dos principais destinos dos viños de Rías Baixas foi positivo. Cabe destacar os crecementos de Suecia, cun aumento en volume do 91%, e de Canadá, cun incremento do 52%, así como o de Holanda, que cun incremento do 48% en volume desbancou a Alemaña da cuarta posición no "top ten" de mercados externos. Deste xeito, o ranking de 2018 lidérao Estados Unidos, seguido de Reino Unido –aínda que ambos con lixeiros descensos con respecto ao ano anterior–, Porto Rico, Holanda, Alemaña, Irlanda, Canadá, México, Suecia e Bélxica.

Sen dúbida, estes crecementos son posibles grazas ao esforzo combinado dos viticultores, na súa constante profesionalización e busca dunha materia prima da máxima calidade, e dos adegueiros, que sempre tiveron claro que o futuro do desenvolvemento da D.O. Rías Baixas pasa pola internacionalización e apostaron por destinar recursos económicos e humanos para afrontar o difícil reto de vender no exterior. Así, das 184 adegas adscritas a esta D.O., 109 –algo máis do 59% do sector– xa se atopan en plans de exportación e, como consecuencia, a D.O. Rías Baixas está presente na actualidade en máis de 65 países, repartidos nos cinco continentes.

Igualmente importantes para a internacionalización dos viños da D.O. son os plans promocionais que desenvolve o Consello Regulador en diferentes mercados. Durante 2018, puxéronse en marcha oito plans promocionais específicos para apoiar a internacionalización dos seus viños en Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Irlanda, Países Baixos, Xapón, México e Polonia. A eles hai que engadir accións puntuais en outros países, como Suíza e Canadá, ou a participación en feiras internacionais, como as de Hong Kong e Singapur.

As cifras avalan, pois, as estratexias de produción, comercialización e promoción de todos os axentes da D.O. Rías Baixas, pero cómpre non baixar a garda, xa que cada vez hai máis produtores de viños de altísima calidade en todo o mundo.

En canto aos datos do mercado nacional, o Informe Nielsen, presentado en outubro, puxo de manifesto que a D.O. mantivo

a súa cota de mercado en 2,9 puntos, afianzándose na sétima posición dentro do ranking de Denominacións de Orixe, e mellorou o valor do produto. Por canles, en Hostalería a D.O. Rías Baixas ocupa o 5º lugar do ranking, cun 3,5% de cota de mercado, mentres que en Alimentación mantén a súa cota en 2,2%, alcanzando o décimo lugar.
En Alimentación, a D.O. Rías Baixas crece notablemente en volume cun lixeiro incremento de prezos medios de venda, mentras que en Hostalería diminúe lixeiramente o volume cun moderado aumento do prezo. Por tipos de establecemento, destaca o peso dos viños de Rías Baixas en hoteis/restaurantes, así como en bares e cafetarías.

Maior orzamento para promoción

Coa finalidade de seguir afianzando a súa posición nos mercados, o acordo do Pleno do Consello Regulador Rías Baixas foi destinar o 70,01% de 2018 a promoción, marketing e comunicación; o 20,27% a control de calidade e departamento técnico, e o 9,72% restante a gastos de funcionamento. O Consello Regulador contou en 2018 con 4.021.900 euros de orzamento, o que supuxo o aumento dun 11,66% respecto a 2017.
O balance das 130 actividades de promoción dos seus viños desenvolvidas tanto a nivel nacional como internacional durante 2018 (feiras, presentacións, salóns e túneles do viño, showrooms, catas, seminarios…) reflicte a participación de 200 marcas pertencentes a 96 adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas e de máis de 7.000 profesionais, así como visitas ás diferentes subzonas da D.O. de 65 persoas, entre profesionais do sector e de medios de comunicación, que coñecen "in situ" as peculiaridades desta denominación e dos seus viños, e trasladan aos seus lectores e seguidores das redes sociais as súas experiencias.

Ao longo do ano 2018 desenvolvéronse oito plans promocionais para apoiar a internacionalización dos viños da D.O.

No mercado interior destacou o peso dos viños de Rías Baixas en hoteis, restaurantes, bares e cafetarías

No exercicio 2018 o Consello Regulador contou con 4.021.900 euros de orzamento, un 11,66% máis que en 2017

Sobre este aspecto, cabe destacar que as noticias relativas ao Consello Regulador, ás adegas e ás marcas da D.O. Rías Baixas continúan incrementando a súa presenza mediática, como consecuencia tamén da actividade desenvolvida polo gabinete de comunicación tanto no que respecta ás súas relacións cos medios como aos contidos divulgados nas redes sociais.

Outra boa colleita de premios

Un ano máis, os premios dos máis prestixiosos concursos nacionais e internacionais certificaron o posicionamento dos viños da D.O. Rías Baixas entre os mellores brancos do mundo. Ao longo do ano, superaron os 290 galardóns en concursos enolóxicos nacionais e internacionais. Sumaron, en concreto, 266 premios e 25 eloxios en 29 das citas establecidas no calendario oficial da Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) ás que concorreron diferentes adegas.

Como exemplo, nos Bacchus 2018 obtivéronse 8 ouros e 16 pratas, mentres que o Baco, certame bienal, outorgoulles 3 gran bacos de ouro, 15 bacos de ouro e 8 de prata. Igualmente, destacaron no ámbito internacional os 3 gran ouro, 4 ouros, 22 pratas, 51 bronces e 4 eloxios acadados nos Decanter, así como un gran ouro, 1 ouro, 17 pratas, 24 bronces e 19 eloxios obtidos na súa participación no International Wine Challenge.

Os premios recaeron en viños da colleita 2017 e anteriores, e entre eles destacaron varias marcas de escumosos e elaboracións especiais.

Tanto os premios acadados como as diferentes catas promocionais que se desenvolven ao longo do ano dan conta, en xeral, da boa garda dos viños da denominación, e rubrican a calificación da última colleita polo Pleno do Consello Regulador. No caso da colleita 2017, foi calificada como "moi boa", e o panel de cata destacou dela a súa "gran tipicidade en nariz e en boca".

A vendima

Recolléronse máis de 38 millóns de quilos cun magnífico estado sanitario da uva

A

Denominación de Orixe Rías Baixas superou as previsións iniciais de estimación de vendima alcanzando os 38.595.306 quilos de uva, con só unha merma do 1,9% con respecto a 2017. A recollida, na que participaron 5.265 viticultores, tivo lugar entre o 8 de setembro e o 14 de outubro, e caracterizouse polo magnífico estado sanitario da uva, debido á estabilidade meteoroló-xica de agosto e setembro, con tempo seco e soleado.

O primeiro semestre do ano, non entanto, estivo marcado pola sucesión de sistemas frontais procedentes do océano Atlántico, polo que as temperaturas frías e elevadas precipitacións da primavera fixeron temer que o rendemento do viñedo se vese afectado. Pero a brotación foi excelente, e aínda que se produciron algúns ataques de mildiu e oídio, localizados especialmente na subzona do Condado do Tea, ademais dalgunhas pérdidas por corremento de flor, na segunda mitade do verán anuláronse as ameazas grazas á defensa axeitada contra os fungos por parte dos viticultores e á meteoroloxía favorable.

As variedades brancas representaron o 99,15% da colleita. A variedade autóctona Albariño segue sendo a raíña, co 97% do total e, nesta ocasión, foi seguida pola Caíño Branco, a Treixadura e a Loureira.

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas inscritas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



RENDEMENTO DE TRANSFORMACIÓN UVA/VIÑO **68,4%**

DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	UVA IMPORTADA	UVA EXPORTADA
Condado do Tea	910.747	758.643
O Rosal	764.300	300.688
Ribeira do Ulla	74.338	1.089.749
Soutomaior	3.607	17.754
Val do Salnés	1.532.888	1.119.046
TOTAL	**3.285.880**	**3.285.880**

CASTES PREFERENTES

Brancas:
Albariño
Loureira branca ou Marqués
Treixadura
Caíño branco

Tintas:
Caíño tinto
Espadeiro
Loureira tinta
Sousón

CASTES AUTORIZADAS

Brancas:
Torrontés
Godello

Tintas:
Mencía
Brancellao
Pedral
Castañal

VIÑOS:
Rías Baixas Albariño
Rías Baixas Condado de Tea
Rías Baixas Ribeira do Ulla
Rías Baixas Rosal
Rías Baixas Val do Salnés
Rías Baixas
Rías Baixas barrica
Rías Baixas Tinto
Rías Baixas Espumoso Branco
Rías Baixas Espumoso Tinto

UVA VINIFICADA	UVA VENDIMADA
8.060.464	7.908.360
4.338.424	3.874.812
538.766	1.554.177
71.499	85.646
25.586.153	25.172.311
38.595.306	**38.595.306**

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2018)

Viticultores



TOTAL: 5.265

Superficie (Ha.)



TOTAL: 4.043

Superficie - viticultor



MEDIA: 0,77

Parcelas



TOTAL: 21.858

Parcelas- viticultor



MEDIA: 4,12

RENDEMENTOS ANOS 2012-2018

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (KG./L.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2018

ALBARIÑO



Condado do Tea	7.510.807
O Rosal	3.233.725
Ribeira do Ulla	1.511.621
Soutomaior	81.225
Val do Salnés	25.062.853
TOTAL:	37.400.231

TREIXADURA



Condado do Tea	177.787
O Rosal	85.516
Ribeira do Ulla	8.958
Soutomaior	0
Val do Salnés	1.018
TOTAL:	273.279

LOUREIRA



Condado do Tea	48.697
O Rosal	182.336
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	0
Val do Salnés	5.349
TOTAL:	236.382

CAÍÑO BRANCO



Condado do Tea	744
O Rosal	277.604
Ribeira do Ulla	5.662
Soutomaior	0
Val do Salnés	7.362
TOTAL:	291.372

TORRONTÉS



Condado do Tea	8.660
O Rosal	3.731
Ribeira do Ulla	3.184
Soutomaior	508
Val do Salnés	0
TOTAL:	16.083

GODELLO



Condado do Tea	2.269
O Rosal	52.130
Ribeira do Ulla	3.624
Soutomaior	2.136
Val do Salnés	10.895
TOTAL:	71.054

TINTAS



Condado do Tea	159.396
O Rosal	39.770
Ribeira do Ulla	21.128
Soutomaior	1.777
Val do Salnés	84.834
TOTAL:	306.905

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES 2018

ALBARIÑO	37.400.231
CAÍÑO BRANCO	291.372
TREIXADURA	273.279
LOUREIRA	236.382
GODELLO	71.054
TORRONTÉS	16.083
TINTAS	306.905

TOTAL: 38.595.306

PRODUCIÓN POR CASTES 2012-2018

Albariño



Loureira



Treixadura



Outras brancas



Tintas



UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
CONDADO DO TEA	678.258	1.287.083	788.447	1.060.112	705.860	918.958	758.643
O ROSAL	247.687	375.717	331.864	246.239	337.539	361.656	300.688
RIBEIRA DO ULLA	418.086	801.000	441.152	760.705	782.271	898.126	1.089.749
SOUTOMAIOR	11.583	29.554	20.265	3.562	1.030	2.549	17.754
VAL DO SALNÉS	193.283	448.848	345.001	467.527	584.084	942.356	1.119.046

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
CONDADO DO TEA	297.404	540.432	462.862	507.519	571.718	880.893	910.747
O ROSAL	201.441	462.706	486.252	676.447	492.711	631.731	764.300
RIBEIRA DO ULLA	4.964	11.396	4.400	19.033	22.005	77.746	74.338
SOUTOMAIOR	0	0	0	13.957	6.609	6.087	3.607
VAL DO SALNÉS	1.045.088	1.927.668	973.215	1.321.189	1.317.741	1.527.188	1.532.888

DISTRIBUCIÓN DE ADEGAS SEGUNDO O VOLUME DE VINIFICACIÓN (ANOS 2013-2018)



PORCENTAXE DE DISTRIBUCIÓN DE ADEGAS SEGUNDO O VOLUME DE VINIFICACIÓN 2018



EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN



TOTAL ADEGAS*: 164

*Adegas que elaboraron viño na última campaña

UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2012-2018 (Datos en Kg.)

	CONDADO DO TEA	O ROSAL	RIBEIRA DO ULLA	SOUTOMAIOR	VAL DO SALNÉS
2012	3.562.618	2.240.957	277.201	7.581	11.479.520
2013	6.627.264	3.790.608	427.473	15.382	22.882.759
2014	4.830.917	3.359.542	344.675	11.387	15.633.700
2015	6.033.078	3.971.674	419.184	57.186	21.436.489
2016	6.608.579	4.684.853	398.872	68.512	21.644.145
2017	8.502.126	4.582.367	490.168	74.617	25.689.994
2018	8.060.464	4.338.424	538.766	71.499	25.586.153



COMPARATIVA DE PRODUCIÓN POR SUBZONA NAS DÚAS ÚLTIMAS COLLEITAS

	2017		2018		COMPARATIVA
	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	% variación produción 2017/2018
CONDADO DO TEA	8.540.191	8.594	7.908.360	8.042	-7,38
O ROSAL	4.312.292	7.647	3.874.812	7.089	-10,14
RIBEIRA DO ULLA	1.310.548	7.805	1.554.177	8.766	+18,58
SOUTOMAIOR	71.079	5.700	85.646	6.896	+17
VAL DO SALNÉS	25.105.162	10.869	25.172.311	10.935	+0,26
TOTAL	**39.339.272**	**9.782**	**38.595.306**	**9.545**	**-1,90**

EXPORTACIÓNS 2013-2018 (Volume en litros)

2013	
EE.UU.	2.634.314
REINO UNIDO	695.862
ALEMAÑA	454.726
PORTO RICO	223.429
MÉXICO	191.225
HOLANDA	154.762
SUIZA	104.284
IRLANDA	102.118
BÉLXICA	98.162
SUECIA	92.457
RESTO	700.326

2014	
EE.UU.	2.189.258
REINO UNIDO	735.680
ALEMAÑA	521.253
HOLANDA	276.534
PORTO RICO	217.114
MÉXICO	212.071
IRLANDA	121.191
SUIZA	115.425
NORUEGA	106.502
SUECIA	97.289
RESTO	794.967

2015	
EE.UU.	2.084.955
REINO UNIDO	991.797
ALEMAÑA	595.848
PORTO RICO	307.438
MÉXICO	246.815
HOLANDA	207.400
XAPÓN	165.420
IRLANDA	141.281
SUIZA	113.333
SUECIA	95.337
RESTO	846.383

2016	
EE.UU.	2.468.535
REINO UNIDO	1.067.483
ALEMAÑA	524.344
PORTO RICO	313.809
MÉXICO	250.897
HOLANDA	247.683
IRLANDA	182.796
XAPÓN	147.685
SUÍZA	138.803
NORUEGA	112.070
RESTO	948.598

2017	
EE.UU.	2.413.126
REINO UNIDO	1.469.955
PORTO RICO	277.469
ALEMAÑA	257.877
HOLANDA	224.648
MÉXICO	219.815
IRLANDA	210.566
SUIZA	167.185
CANADÁ	165.942
NORUEGA	116.410
RESTO	1.048.540

2018	
EE.UU.	2.373.863
REINO UNIDO	1.465.880
PORTO RICO	382.972
HOLANDA	332.458
ALEMAÑA	288.542
IRLANDA	258.734
CANADÁ	252.615
MÉXICO	251.337
SUECIA	171.293
BÉLXICA	138.603
RESTO	1.557.301

EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2008-2018 (Volume en litros)



EXPORTACIÓNS 2018 (Por países)



Alemaña	288.542
Austria	7.540
Bélxica	138.603
Bulgaria	1.811
Chipre	1.022
Croacia	72
Dinamarca	70.797
Eslovaquia	751
Eslovenia	72
Estonia	2.795
Finlandia	27.351
Francia	82.050
Grecia	765
Holanda	332.458
Hungría	896
Irlanda	258.734
Italia	11.684
Letonia	5.045
Lituania	1.804
Luxemburgo	3.120
Malta	1.355
Polonia	84.554
Portugal	3.604
Reino Unido	1.465.880
Rep. Checa	4.418
Rumanía	623
Suecia	171.293
TOTAL UE	**2.967.636**

Andorra	45.516
Islandia	662
Noruega	129.679
Suíza	132.002
TOTAL EEE	**307.858**
Rusia	116.957
Ucrania	5.988
Outros	3.803
RESTO EUROPA	**126.748**
Arxentina	495
Brasil	13.571
Canadá	252.615
Colombia	26.684
Costa Rica	17.543
Cuba	3.425
E.E.U.U.	2.373.863
Ecuador	14.918
El Salvador	564
Guatemala	7.037
México	251.337
Nicaragua	1.080
Panamá	65.935
Perú	18.974
Porto Rico	382.972
Rep. Dominicana	69.694
Uruguai	396

Venezuela	1.890
Outros	10.778
TOTAL AMERICA	**3.513.767**
China	50.029
Corea	5.919
Filipinas	3.383
Hong Kong	9.592
Kazajistán	1.818
Malasia	2.879
Singapur	7.309
Taiwán	3.688
Xapón	84.569
Outros	10.582
TOTAL ASIA	**179.767**
Australia	63.467
Nova Zelandia	2.670
TOTAL OCEANIA	**66.137**
Emiratos Árabes	21.940
Outros África	603
TOTAL AFRICA	**22.543**
TOTAL MUNDIAL	**7.184.455**

Volume en litros comercializados

INGRESOS ORDINARIOS

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**2.349.900,00**	**2.650.570,69**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	**2.059.100,00**	**2.341.715,29**
01 - COTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (COTA VIÑEDO)	200.000.00	202.022,21
1- BAIXAS POR IMPAGO COTAS VIÑEDO	0,00	0,00
02. COTAS RENOVACIÓNS (VITICULTORES)	37.100,00	34.713,00
03 - COTAS / PRODUTOS AMPARADOS (COTA VIÑO)	1.466.000,00	1.677.941,11
04 - COTA INSCRICIÓNS (ADEGAS E VITICULTORES)	5.000,00	7.725,00
05 - IMPORTES POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	351.000,00	419.313,97
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	290.800,00	308.855,40
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**0,00**	**0,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	0,00	0,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**1.000,00**	**4.425,49**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL (SUBVENCIÓNS)	**816.000,00**	**1.421.114,95**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS Y ADMIN. LOCALES	816.000,00	1.421.114,95
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCEIROS	**855.000,00**	**855.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	855.000,00	855.000,00
TOTAL INGRESOS	**4.021.900,00**	**4.931.111,13**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**219.000,00**	**221.205,48**
ARTIGO 13 - LABORAIS	175.000,00	188.306,83
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	44.000,00	32.898,65
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**240.200,00**	**179.001,06**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	14.100,00	13.252,22
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	130.600,00	103.349,66
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	95.500,00	62.399,18
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCEIROS	**1.000,00**	**685,64**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	1.000,00	685,64
CAPÍTULO 6 - INVESTIMENTOS REAIS	**3.000,00**	**0,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	0,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**463.200,00**	**400.892,18**

GASTOS ORDINARIOS (continuación)

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CONTROL DE CALIDADE		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**298.500,00**	**294.320,29**
ARTIGO 13 - LABORAIS	177.000,00	174.029,04
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	56.500,00	55.239,96
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	65.000,00	65.051,29
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**436.200,00**	**427.820,53**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	436.200,00	427.820,53
CAPÍTULO 6 - INVESTIMENTOS REAIS	**6.000,00**	**4.428,60**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	6.000,00	4.428,60
TOTAL CONTROL CALIDADE	**740.700,00**	**726.569,42**
CAMPAÑA PUBLICITARIA		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.395.700,00**	**1.373.085,36**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.395.700,00	1.373.085,36
TOTAL CAMPAÑA PUBLICITARIA	**1.395.700,00**	**1.373.085,36**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**116.000,00**	**114.210,63**
ARTIGO 13 - LABORAIS	88.000,00	86.829,64
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	28.000,00	27.380,99
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.306.300,00**	**1.253.675,89**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.306.300,00	1.253.675,89
TOTAL PROMOCIÓN	**1.422.300,00**	**1.367.886,52**
TOTAL GASTOS	**4.021.900,00**	**3.868.433,48**

RESUMO DE INGRESOS		
COTAS E CONTRAETIQUETAS	2.059.100,00	2.341.715,29
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	291.800,00	313.280,89
SUBVENCIÓNS	816.000,00	1.421.114,95
REMANENTE ANOS ANTERIORES	855.000,00	855.000,00
TOTAL	**4.021.900,00**	**4.931.111,13**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	463.200,00	400.892,18
CONTROL DE CALIDADE	740.700,00	726.569,42
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	2.818.000,00	2.740.971,88
TOTAL	**4.021.900,00**	**3.868.433,48**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**1.062.677,65**

María Pilar Carballo Fidalgo, con N.I.F. 36.114.533-W, como socia de K4 IBÉRICA AUDITORES, S.L.P., sociedad inscrita en el ROAC con el número S2482, y domicilio social en Vigo, Calle Velázquez Moreno, 36-1º, a solicitud del Pleno del CONSEJO REGULADOR D.O. "RÍAS BAIXAS", por la presente

INFORMA

Que hemos realizado la auditoría de las Cuentas Anuales de la entidad mencionada, correspondientes al ejercicio anual terminado el 31 de diciembre de 2018.Nuestro trabajo ha sido realizado de conformidad con la normativa reguladora de la auditoría de cuentas vigente en España, emitiendo al respecto el correspondiente "Informe de auditoría" con fecha 3 de junio de 2019, con la opinión no modificada (favorable), en el sentido de que las Cuentas Anuales formuladas y presentadas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la entidad a 31 de diciembre de 2018, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

K4 IBÉRICA AUDITORES, S.L.P.

Pilar Carballo Fidalgo (nº ROAC 17.904)
Socia

En Vigo, a 4 de junio de 2019.

AUDITORÍAS SOBRE ADEGAS

- 60 Auditorías completas de certificación
- 309 Auditorías de control sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados)
- 8 Auditorías de inscrición
- 240 Supervisións de transportes
- 6 Adegas nova inscrición
- 164 Marcas autorizadas
- 8 Nomes comerciais autorizados
- 7 Cambios de titularidade

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

- 1.124 Resolucións de expedientes
- 32 Desprazamentos atención viticultores
- 143 Cambios de titularidade
- 231 Baixas de viticultores
- 153 Altas de viticultores
- 267 Auditorías de viñedos

AUDITORÍA DE VENDIMA

- 25 Veedores
- 28.683 Partidas de uva declaradas
- 164 Controis sobre adegas que elaboraron viño
- 434 Transportes de uva controlados entre e dentro de subzonas da D.O.
- 164 Informes de auditoría de control de vendima sobre adegas
- 750 Controis de viñedos

RECOLLIDA E CERTIFICACIÓN DE MOSTRAS

1.621
Recollidas de mostras

142
Sesións de cata

48
Catadores para catas ordinarias

25.562.695
Litros de viño catados e analizados mostra por mostra en laboratorios acreditados

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Desenvolvéronse cursos e charlas adicadas á formación de profesionais en feiras nacionais, grupos de sumilleres, estudantes de hostalería, institutos...

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-ISO/IEC 17.065

En xuño de 2018, o Consello Regulador D.O. Rías Baixas recibíu a cuarta auditoría da ENAC, nesta ocasión de renovación. Tras ela, ENAC resolveu favorablemente e decidiu manter o selo da Acreditación ao Consello sobre a Certificación de produtos agroalimentarios conforme á Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012. Actualmente o Consello ultima os seus procedementos de análise sensorial de mostras de viño, para adaptalos ás esixencias da normativa técnica da UNE-EN ISO 17025.

CONTROL DE MERCADO

Leváronse a cabo labores de control en establecementos comerciais de Galicia, onde se controlaron 616 mostras, de 220 marcas pertencentes a 66 adegas.

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Catas do Consello, Cata de Cambados, Catas a Xornalistas e Sumilleres, Catas en actos promocionais como en salóns de viños, etc.).

VISITA DE CINCO PRESCRITORES DE ESTADOS UNIDOS

12 febreiro

A D. O. Rías Baixas recibiu a visita dun grupo de cinco prescritores estadounidenses –representantes de California, Florida, New York e Washington DC–, que coñeceron as subzonas de Val do Salnés, Condado do Tea e O Rosal. Os sumilleres Yannick Benjamín, Antoine Boissonot e Christine Wilson, xunto coas xornalistas Lauren Mowery e Kelli White, asistiron na sede do Consello Regulador a unha cata de 55 referencias da colleita de 2017 e anteriores, así como de distintos tipos de elaboracións, e coincidiron en destacar a gran calidade e brillante acidez dos viños da D.O.

SEMINARIOS EN BOSTON E NOVA YORK

1 marzo

A D.O. Rías Baixas organizou dous seminarios en Estados Unidos, concretamente en Boston e en Nova York. Participaron neles un centenar de profesionais americanos da Plataforma Seven Fifty e vinte e dúas marcas de viño desta denominación, e contaron coa presenza do director xeral do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas (C.R.D.O.), Ramón Huidobro, e da directora de Márketing, Eva Mínguez. O de Boston foi dirixido polo "master sommelier" Michael Meager, e o de Nova York, polo sumiller Yannick Benjamin, que compartiu con máis de 40 profesionais as experiencias e coñecementos obtidos durante a súa viaxe, en misión inversa, á D.O. Rías Baixas.

SALÓN DO VIÑO EN SANTANDER

5 marzo

O C.R.D.O. Rías Baixas protagonizou un Salón do Viño no Gran Hotel Sardinero de Santander, polo que pasaron uns 400 prescritores, especialmente distribuidores. Oitenta marcas, pertencentes a 22 adegas, mostraron as novidades nas que traballa a Denominación de Orixe Rías Baixas, con viños de colleitas desde 2009 ata 2017, ademais de elaboracións especiais como escumosos, viños en madeira, sobre lías e tintos da D.O., entre outros. Esta foi a terceira ocasión na que a Denominación de Orixe Rías Baixas visita Santander.

108 MARCAS DA D.O. E 16 ADEGAS EXPOSITORAS, NA FEIRA PROWEIN

20 marzo

A Feira Internacional de Viños e Bebidas Espirituosas ProWein, en Düsseldorf (Alemaña), foi, un ano máis, unha das citas indiscutibles da Denominación de Orixe Rías Baixas, dentro do seu plan de accións promocionais no mercado alemán. Ubicado no pavillón internacional do ICEX, o expositor do Consello Regulador contou cun túnel do viño, espazo de cata con 108 marcas da denominación pertencentes a 61 adegas, e un espazo ocupado por 16 adegas que acudiron á feira como coexpositoras. ProWein move máis de 55.000 visitantes procedentes de 130 países e conta con máis de 6.500 expositores.

NOVA VISITA Á D.O. DOS ESTUDANTES DO BASQUE CULINARY CENTER

27 marzo

Un total de 102 alumnos e alumnas do Basque Culinary Center, de máis de 20 nacionalidades distintas, acompañados por seis profesores, visitaron a Denominación de Orixe Rías Baixas. Esta foi a sétima ocasión na que os estudantes do primeiro curso do Grao en Gastronomía e Artes Culinarias acuden ao territorio da denominación para vivir unha experiencia única da man de viños de primeira calidade, con percorridos por distintas adegas das subzonas do Condado do Tea e O Rosal. A expedición culminou cun "showcooking" de produtos galegos con distintivo de calidade, harmonizados con 36 marcas de viño da D.O., que dirixiu Pepe Solla, cociñeiro do Grupo Nove.

CAMPAÑA VIÑOS E CAMELIAS, EN SEVILLA

31 marzo

Durante todo o mes de marzo, o mercado gourmet Lonja do Barranco de Sevilla acolleu a campaña de Turismo de Galicia, "Viños e Camelias", no que a D.O. Rías Baixas ocupou un lugar destacado e presentou os seus viños en diferentes catas.

POR PRIMEIRA VEZ, A D.O. ORGANIZA UN TÚNEL DO VIÑO EN ALIMENTARIA

19 abril

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas estivo presente na feira Alimentaria 2018, en Barcelona. Como novidade, esta D.O. organizou un túnel de 94 marcas no que os prescritores probaron libremente os diferentes tipos de viños participantes. Ademais, 20 adegas da D.O. Rías Baixas acudiron como coexpositoras. Alimentaria, feira bienal, mantén a súa aposta pola internacionalidade, innovación e gastronomía, e é imprescindible para o sector de Rías Baixas Alimentaria. De feito, esta foi a denominación de orixe galega con máis presenza no recinto da Fira Barcelona-Gran Vía.

OS VIÑOS DA D.O. PROMOCIÓNANSE EN SINGAPUR

26 abril

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas levou a promoción dos seus viños ao sudeste asiático. Foi esta a primeira ocasión na que a Denominación de Orixe Rías Baixas participa na feira Food and Hotel / Prowine Asia, que se desenvolveu en Singapur. Esta acción promocional, cofinanciada polo Instituto Galego de Promoción de Empresas (IGAPE), a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (programa operativo 2014-2020), permitiu a instalación dun expositor propio dentro do pavillón do ICEX, no que se mostraron un total de 38 marcas pertencentes a 16 adegas.

SEGUNDO SALÓN DE VIÑOS DA D.O. EN MÁLAGA

15 maio

O C.R.D.O. Rías Baixas protagonizou o seu segundo Salón de Viños no hotel NH Málaga, ao que acudiron preto de 400 prescritores da provincia (distribuidores, sumilleres, hostaleiros…), interesados pola evolución destes viños atlánticos. 82 marcas, pertencentes a 20 adegas, mostraron o traballo que actualmente se realiza nesta denominación, con viños entre os que se atopaban colleitas desde 2011 ata 2017, así como elaboracións especiais.

VISITAN A D.O. CINCO PRESCRITORES DE REINO UNIDO

16 maio

A D.O. Rías Baixas recibiu a visita de cinco prescritores de Reino Unido. Simon Woods, David Kermode, Rebecca Dunphy, Tom Surgey e Alex Glidewell participaron nunha misión inversa que os levou a visitar adegas inscritas localizadas en distintas subzonas. O percorrido pola D.O. concluíu cunha cata na sede do Consello Regulador de 15 referencias pertencentes ás adegas que participan no Plan Promocional en Reino Unido. Os participantes coincidiron en alabar a alta calidade e a gran variedade dos viños da D.O. e mostráronse sorprendidos polas amplas posibilidades de elaboración que permiten as diversas variedades de uva utilizadas.

A D.O. ACUDE Á LONDON WINE FAIR CON 87 MARCAS DE 49 ADEGAS

22 maio

A Denominación de Orixe Rías Baixas participou novamente na London Wine Fair, no céntrico recinto londinense de Olympia. Como en anteriores edicións, o stand do Consello Regulador foi un "wine bar" no que os asistentes –na súa maioría, sumilleres, importadores, encargados de compras ou restauradores– puideron degustar ata 87 marcas de 49 adegas.

PRIMEIRO "SHOW ROOM" DE VIÑOS DA D.O. EN ÁMSTERDAM

29 maio

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas organizou, por primeira vez, un "show room" dos seus viños en Ámsterdam, coa participación de 15 adegas da denominación e 29 marcas de viños. O obxectivo desta iniciativa foi que importadores, sumilleres, distribuidores, tendas de viño, prensa, chefs, escolas de sumillería, hostalería e catadores puideran profundizar no seu coñecemento dos viños da D.O. A xornada incluíu unha masterclass, impartida por Germán Muñoz, na que participaron 40 profesionais holandeses.

VISITAN A D.O. CINCO PRESCRITORES IRLANDESES

30 maio

Cinco prescritores de Irlanda –bloggers, colaboradores ou editores de distintos tipos de publicacións relacionadas coas viaxes e as últimas tendencias– visitaron a D.O. e percorreron distintas subzonas e adegas. Nadia El Ferdaoussi (no Top 10 dos bloggers de viaxes de Irlanda), Megan Burns (redactora da revista Image Interiors), Rosin Healy (redactora de Irish Country Magazine), Niall Toner (editor de estilo de vida do Sunday Times) e Aimee Moriarty (asistente editorial de Confetti Magazine) mostráronse gratamente sorprendidos tanto pola ampla variedade de elaboracións na D.O. Rías Baixas como polas paisaxes do territorio e o encanto das adegas visitadas.

TOKIO ACOLLE TRES ACTIVIDADES DO PLAN DE PROMOCIÓN EN XAPÓN

12 xullo

A Denominación de Orixe Rías Baixas protagonizou diferentes actividades promocionais en Tokio dentro do Plan Promocional en Xapón para o ano 2018, que consistiron nunha reunión de traballo cun centenar de profesionais do sector nipón (sumilleres de hoteis, restaurantes, bares, prensa, vendedores de tendas e de departamentos); un seminario Master Class, impartido polo secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, a 40 profesionais, e unha experiencia baixo o título "Festa do Viño do Mar Rías Baixas", dirixida a consumidores xaponeses, na que se harmonizaron viños da D.O. con tapas da cociña española. As actividades desenvolvéronse no navío especializado en eventos T-Lotus M, e contaron coa participación de ata 30 marcas da D.O. Rías Baixas.

SARAH JANE EVANS, PREGOEIRA DA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

12 xullo

A vicepresidenta do Institute of Masters of Wine, Sarah Jane Evans, foi a pregoeira da XXVI Feira do Viño do Rosal, celebrada durante a segunda fin de semana de xullo. Evans, unha das figuras máis relevantes do mundo do viño no Reino Unido, xornalista, experta e apaixonada dos viños españoles, impartiu tamén, na sede da Liga dos Amigos, unha cata comentada de nove viños de Rías Baixas da subzona do Rosal. Co gallo da Feira do Viño desenvolveuse un programa relacionado coa gastronomía e o mundo do viño no que tivo lugar un obradoiro infantil de Cociña e un "showcooking" a cargo da Escola de Hostalería do Baixo Miño.

LXVI FESTA DO VIÑO ALBARIÑO D.O. RÍAS BAIXAS EN CAMBADOS

5 agosto

O Consello Regulador distribuíu arredor de 35.000 copas para a LXVI Festa do Vino Albariño D.O. Rías Baixas, celebrada en Cambados. No Paseo da Calzada instaláronse 42 casetas nas que mostraron

as súas elaboracións ao público 44 adegas da D.O. A programación incluíu, no salón José Peña, a celebración do habitual Túnel do Viño, onde estiveron a disposición dos amantes do viño ata 161 marcas pertencentes a 60 adegas inscritas na Denominación de Orixe, e 12 Catas Temáticas propostas por 11 adegas. Así mesmo, tivo lugar a XXX Cata Concurso Rías Baixas Albariño, na que foron premiados os viños Pazo de Rubianes, da adega do mesmo nome, La Trucha, de Finca Garabelos, e Abadía de San Campio, de Bodegas Terras Gauda.

28 ADEGAS PARTICIPAN NA FESTA DO VIÑO DO CONDADO

24 agosto

Un total de 28 adegas amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas participaron na LIX Festa do Viño do Condado do Tea, en Salvaterra do Miño. O Consello Regulador da D.O. tamén estivo presente nesta festa de interese turístico de Galicia cun expositor propio.

ENTREGA DOS PREMIOS DA CATA DA CASA DE GALICIA EN BILBAO

10 setembro

O Pazo de Mugartegui, sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, acolleu a entrega dos tres premios obtidos nas catas concurso da Casa de Galicia en Bilbao e da Irmandade de Centros Galegos en Euskadi. Na vixésima edición da Cata Concurso Viños Brancos Galegos, o primero premio recaeu no viño D.O. Rías Baixas Tollodouro 2017, de Adegas Tollodouro, da subzona do Rosal, e o segundo no D.O. Rías Baixas Casa do Sol 2015, de Adegas Solagra, da subzona de Ribeira do Ulla. Na décima oitava Cata Concurso Viños Tintos Galegos, o Rías Baixas Daínsua 2017, de Adega José Carlos Quintas, logrou un accésit.

VISITAN A D.O. SEIS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS DE EE. UU.

11 setembro

A D.O. recibiu a visita de seis destacados profesionais especializados do sector do viño de Estados Unidos –Rick Fisher, Michael Meagher, Carolyn Hermann, Amber Rill, Rebecca Murphy e Kathleen Thomas– interesados en coñecer o traballo desenvolvido neste territorio, así como en ampliar os seus coñecementos sobre os viños que aquí se elaboran. Os seis prescritores participaron en diversas catas e mostráronse sorprendidos pola capacidade de garda dos albariño Rías Baixas. Ademais, puideron experimentar a forma na que se realiza a recollida de uva na D.O. Rías Baixas.

MISIÓN INVERSA EN LA D.O. DE PRESCRITORES MEXICANOS

2 outubro

A D.O. Rías Baixas acolleu a visita de sete prescritores de México, sexto destino exterior dos viños da denominación. Andrés Amor, Carlos Borboa, Laura Santander, Sandra Fernández, Jesús Díez, René Rentería e Luis Váldez conformaron o grupo de profesionais do sector que percorreron durante dous días adegas de distintas subzonas para coñecer "in situ" o traballo que se desenvolve nesta Denominación de Orixe. Ademais, ao coincidir a súa visita coa recta final da vendima, probaron a colleita 2018 directamente do tanque e coñeceron propostas novas para eles, como os viños da D.O. Rías Baixas elaborados en barrica ou sobre lías.

VISITA DE DEZAOITO SUMILLERES DE POLONIA

9 outubro

Dezaoito sumilleres procedentes de distintos puntos de Polonia, pertencentes todos eles á Asociación Polaca de Sumilleres, tiveron a oportunidade de experimentar como se desenvolven os labores de vendima en distntas subzonas da Denominación de Orixe, así como de coñecer o proceso de elaboración dos viños. Durante a súa visita, resaltaron que a Denominación de Orixe Rías Baixas é unha das denominacións de viños brancos españois máis coñecidas en Polonia e que os consumidores están cada vez máis interesados nelas.

TÚNELES DO VIÑO EN LAS PALMAS E TENERIFE

26 outubro

O Consello Regulador da D.O. Rías Baxas organizou nas cidades de Las Palmas e Tenerife dous túneles do viño polos que pasaron 460 profesionais do sector canario. Un total de 83 marcas participaron en cada un dos túneles, nos que se puido apreciar unha mostra do traballo actual na denominación. Os prescritores canarios puideron probar viños de diferentes

FEIRAS LOCAIS

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas colaborou, ao longo do ano, coas seguintes festas locais:

8 abril. Festa do Viño do Ulla.
27- 29 abril. Feira Arbomostra, de Arbo.
14- 17 xuño. Festa do Viño de Barro.
30 xuño-1 xullo. Mostra da Cultura do Viño. Caldas de Reis.
7-8 xullo. Festa do Viño Tinto Rías Baixas, en As Neves.
14-15 xullo. Feira do Viño do Rosal.
1-5 agosto. Festa do Viño de Cambados.
24-26 agosto. Feira do Viño do Condado, en Salvaterra.
2-3 decembro. Festa do Viño Escumoso. Salvaterra.

colleitas, desde 2010 ata 2017, viños monovarietais de albariño e tamén plurivarietais, así como viños elaborados en lías, en barrica, escumosos e tintos.

OS VIÑOS DA D.O. VOLVEN Á FEIRA WINE & SPIRITS DE HONG KONG

9 novembro

Os viños da D.O. Rías Baixas renovaron a súa participación na undécima edición da International Wine & Spirits Fair, celebrada en Hong Kong. A presenza das marcas da D.O. incrementouse nesta ocasión ata 50, cunha representación de 26 adegas. Da relevancia desta cita dan conta os seus máis de mil expositores e 38 países participantes, ao que se suman os máis de 19.800 profesionais provenientes de 75 países e 20.000 persoas que constituíron o público non profesional que pasou pola feira.

MADRID ACOLLE A CATA DAS COLLEITAS

21 novembro

O Hotel Villa Real de Madrid acolleu a VII Cata das Colleitas da D.O. Rías Baixas, na que participaron 75 marcas de 36 adegas. Un panel de cata conformado por 27 expertos –9 integrantes do panel de cata interno do Consello Regulador e 18 profesionais externos (xornalistas, sumilleres…)– valorou as mostras a concurso, entre as que figuraron colleitas de 2016 e anteriores. A Cata das Colleitas ten carácter bienal e o seu obxectivo é demostrar as posibilidades de garda dos viños da denominación, así como o potencial enolóxico das variedades amparadas pola D.O. Rías Baixas.

CONTINÚA EN AUMENTO A PRESENZA MEDIÁTICA DA D.O.

31 decembro

A D.O. Rías Baixas incrementou a súa presenza mediática un 0,71% con respecto ao ano anterior, e segue sendo a denominación galega con máis presenza informativa nos medios de comunicación, segundo o estudo "La comunicación del vino" da consultora Castro Galiana. A labor desenvolvida polo gabinete de comunicación chegou a medios de todo o país. Destacaron, entre outras, coberturas televisivas como a de La Sexta, cunha conexión en directo durante a vendima; unha crónica sobre a Festa do Albariño emitida na cadena Cope, ou unha sección en "Julia en la Onda" da man de Enrique Bellver.

A D.O. DESENVOLVEU 130 ACTIVIDADES PROMOCIONAIS

31 decembro

As actividades de promoción desenvolvidas pola D.O. Rías Baixas nos mercados nacionais e internacionais (feiras, catas e seminarios, master class e workshops, misións inversas…) durante 2018 chegaron a máis de 7.000 profesionais. Sumaron en total 130 accións, nas que participaron 200 marcas diferentes de 96 adegas. Visitaron a D.O. 65 persoas, entre sumilleres, xornalistas especializados, educadores do viño, distribuidores, importadores e profesionais da restauración, a hostalería e a alimentación, procedentes de Irlanda, Reino Unido, Estados Unidos, Xapón, Corea, China, Hong Kong, México, Polonia e Rusia.

CAMPAÑA DE MEDIOS NO ÁMBITO NACIONAL

Durante o ano 2018 fixéronse tres campañas de publicidade en medios de ámbito nacional.

Obxectivos:

• Incentivar o consumo de viño. As creatividades intentan vincular o consumo de viño con certos produtos para a súa correcta maridaxe. Utilízanse varios tipos de produtos para varios segmentos diferentes de público.

• Desestacionalizar a campaña para incentivar o consumo. Co primeiro lanzamento da campaña en marzo, coincidindo coa Semana Santa (boa época para o consumo) conseguimos adelantarnos ao investimento que fai a competencia durante o ano.

• Aumentar a frecuencia das campañas ao longo do ano. Repartimos o orzamento en tres ondas de campaña –Semana Santa, Verán e Nadal– en lugar das dúas habituais.

• Cobertura e notoriedade. Utilizando o máximo número de medios posibles que nos permiten chegar á maior parte do público e cunha elevada visibilidade para posicionar a marca no "Top of Mind" da categoría.

• Rexuvenecer o target. Apostamos por potenciar o medio online para empezar a ganar cota de mercados no perfil máis novo dos nosos targets. Ademais se amplía o rango de idade ata os 25 anos, como fai a Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE).

Públicos obxectivos:

• Principal: homes e mulleres de máis de 25 anos de clases sociais alta, media-alta e media-media (+ de 26 millóns).

• Secundario: mulleres de 25 a 55 anos das mesmas clases sociais (9 millóns).

Reparto por medios:

• TV (61%). Emitíronse spots en A3, Cuatro, Pulsa (AXN, Calle 13, Fox, Canal Hollywood, AMC, Cosmopolitan…) e TVG como reforzo no mercado principal.

• Suplementos dominicais e revistas (20%).

Realizáronse inserciónns en revistas femininas de alta gama (Vogue, Elle, Glamour entre outras) moi afines ao noso target secundario. A campaña reforzouse en revistas de viaxes e inflight e nos dous suplementos dominicais de máis cobertura: XL Semanal e El Pais Semanal.

• Internet (14%). Utilízaronse formatos de video, con "rich media" nalgúns casos, nas principais plataformas e redes sociaiss de video online e compra programática, ademais dos dous grupos editoriais máis importantes (Prisa e Unidad Editorial). Creouse tamén una landing específica para la campaña e, para poder impactar ao público obxectivo con varios videos diferentes realizáronse campañas de "retargeting" utilizando toda a data obtida da navegación dos mesmos. Conseguíronse 20 millóns de impresións, 7,5 millóns de visualizacións completas dos videos e 225.000 clics.

• Exterior (3%). Desenvolvéronse accións de exterior no Nadal en Madrid.

• Xornais (2%). Fíxose un reforzo con inserciónns en prensa escrita en Galicia.

OS VIÑOS DA D.O., GALARDOADOS CON 24 PREMIOS BACCHUS

14 marzo

Un total de 24 viños da D.O. Rías Baixas foron galardoados na décimosexta edición do Concurso Internacional de Viños Bacchus, o maior certame vitivinícola do país. Das 71 marcas da D.O. Rías Baixas presentadas a este destacado certame, 8 viños doutras tantas adegas recibiron o Bacchus de Ouro, e 16 o Bacchus de Prata.

Do conxunto de premios, dezaoito recaeron en viños da colleita 2017, catro na de 2016, un galardón na de 2015 e outro na do ano 2012. A D.O. Rías Baixas mantense así como a denominación de orixe galega con máis medallas nesta edición do concurso, promovido pola Unión Española de Catadores (UEC).

A esta nova edición presentáronse un total de 1.735 viños referencias procedentes de 21 países. Concretamente, participaron un total de 80 indicacións xeográficas de calidade da España vinícola, con 61 Denominacións de Orixe incluidas.

As mostras foron evaluadas por un xurado composto por 85 catadores liderados por doce "Masters of Wine"; directores de prestixiosos concursos, como Challenge International du Vin, Decanter Wine Awards, Concours des Grands Vins Blancs du Monde ou Mundus Vini; xornalistas especializados e representantes das principais institucións vitivinícolas a nivel mundial.

Durante a cea de gala dos premios, celebrada no Hotel Urban de Madrid, o presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, explicou que o futuro da denominación pasa "polos viños de garda, elaboracións especiais, viños, en definitiva, con maior valor engadido".

PONTEVEDRA ACOLLEU OS ACTOS POLO DÍA MOVEMENTO VIÑO D.O.

12 maio

Por segundo ano consecutivo, a Denominación de Orixe Rías Baixas uniuse á celebración do Día Movemento Viño D.O., que tivo lugar na pontevedresa Praza da Pedreira, onde se puideron degustar máis de 30 marcas de viño da denominación.

A xornada comezou ás 13 h. coa actuación do grupo local La Casa de los Ingleses. Vinte minutos despois, os asistentes colleron os cataviños para participar no brindis colectivo, que transcorreu á mesma hora en 28 denominacións de orixe diferentes de España. Tras o brindis, dirixido polo secretario xeral do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Ramón Huidobro, a actuación de La Casa de Los Ingleses puxo punto final á segunda edición desta festa do viño con denominación.

Brindis durante a celebración do Día Movemento Viño D.O. en Pontevedra.

O Día Movemento Viño D.O. está concibido como unha xornada festiva, popular e participativa na que o gran protagonista é o viño con denominación de orixe.

É por isto polo que o brindis colectivo é simultáneo en distintos puntos da xeografía española, e constitúe un sencillo xesto co que poñer en valor a calidade e a diversidade deste produto, ademais dunha forma de achegalo a aqueles consumidores que aínda non o descubriron.

DOUS CATADORES DA GUÍA PEÑÍN EVALÚAN 270 MARCAS DA D.O

7 xuño

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas acolleu, un ano máis, a cata da Guía Peñín, unha das publicacións de referencia para os viños españois a nivel nacional e internacional, que recolle na actualidade máis de 11.500 viños, e posúe unha tiraxe anual duns 15.000 exemplares. O seu responsable editorial, Javier Luengo, e o catador Alberto Buffoni evaluaron un total de 270 referencias, pertencentes maioritariamente á colleita 2017.

Javier Luengo destacou que 2017 "foi un ano interesante en canto aos viños, semellantes aos de 2016, pero con algún matiz". Neste sentido, indicou que se trata "dunha colleita cun punto de madurez que supón unha oportunidade para unha zona de clima atlántico como Rías Baixas".

Precisamente esa madurez é a que aporta "viños cun punto de acidez, pero compensada coa presenza de flor e de froita". Son unhas características que "en global, mostran unhas elaboracións cun estilo único e definido que permite diferenciar facilmente que son da D.O. Rías Baixas".

O responsable editorial da Guía Peñín valorou moi positivamente "a aposta que están facendo as adegas por crear viños máis elaborados, sobre todo en crianza sobre lías, e tamén en barrica". Sobre as primeiras, asegurou que se trata dunha decisión moi axeitada, xa que "tanto o envellecemento sobre lías como a acidez convértense en conservantes. Dan moito xogo e permiten ampliar os tipos de viños", concluíu.

A D.O. RÍAS BAIXAS, A MÁIS PREMIADA NOS BACO COLLEITA 2017

8 xuño

Os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas obtiveron 26 medallas nos Premios Baco Colleita 2017, o que a converte na denominación con maior número de galardóns do certame enolóxico de viños novos organizado pola Unión Española de Catadores (UEC). A D.O. Rías Baixas posicionouse así por diante da D.O. Rioja (16 medallas) e da

O director xeral do Consello Regulador Rías Baixas, Ramón Huidobro, xunto á directora de Marketing, Eva Mínguez, tras o seminario master class impartido en Tokio, cun grupo de profesionais do sector vinícola.

D.O. Rueda (12 medallas). Os viños da D.O. Rías Baixas conseguiron, ademais, as maiores distincións do concurso: o Gran Baco de Ouro Premio Luis Hidalgo e dous Gran Baco de Ouro dos sete concedidos en total. A maiores, recibiron outros 15 Baco de Ouro, dos 63 totais, e 8 dos 39 Baco de Prata.

O xurado dos Premios Baco Colleita 2017 estivo formado por cincuenta persoas, todas integrantes da UEC. Son sumilleres, enólogos, responsables de compras de tendas especializadas e directores das principais publicacións temáticas. A evaluación dos viños inscritos realizouse a cegas.

O palmarés dos Premios Baco Colleita 2017 súmase aos grandes resultados obtidos tamén nos Decanter World Wine Awards e no Concurso Mundial de Bruselas

Nos primeiros, os viños da D.O. lograron un total de 84 condecoracións (3 de pratino, 4 de ouro, 22 de prata e 51 de bronce) ademais de 4 mencións especiais, e no Concurso Mundial de Bruselas, 17 medallas: 1 gran ouro, 7 ouros e 9 pratas.

O CONSELLO REGULADOR CALIFICA COMO "MOI BOA" A COLLEITA 2017

26 xuño

O presidente do Consello Regulador Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, presentou en Madrid a colleita 2017 durante o tradicional almorzo de traballo cos medios de comunicación e anunciou que o pleno do Consello Regulador a calificou como "Moi Boa", á vista dun informe técnico que incluía datos relativos á colleita e vendima 2017, así como aos análises sensorial e fisicoquímico levados a cabo ata o 31 de maio de 2018.

Igualmente, para a calificación da colleita tivéronse en conta os premios obtidos en diferentes concursos a nivel nacional e internacional, así como as primeiras valoracións nas guías de viño.

Gil de Araujo non quixo pasar por alto a valoración do panel de cata, quen resaltou da colleita 2017 "a súa gran tipicidade en nariz e en boca".

Co gallo da presentación da Calificación da Colleita 2017, o Hotel Urban de Madrid acolleu un túnel do viño no que estiveron presentes 112 marcas de 60 adegas da D.O. A última vez que a D.O. organizou un túnel do viño en Madrid foi en 2015, con motivo da presentación da presentación aos medios da calificación da colleita de 2014.

A D.O. MANTÉN A SÚA APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN

20 xullo

Os resultados da campaña de promoción en Estados Unidos, así como a evolución dos mercados mundiais do viño indican as boas perspectivas da aposta pola internacionalización que realizan 103 das 184 adegas inscritas na D.O. Rías Baixas. Así se puxo de manifesto nunha xornada sobre mercados

exteriores celebrada no Pazo de Mugartegui, na que participaron unha trintena de adegas da D.O. Nela, a directora de contas de Gregory+Vine, Natasja Mallory, explicou que "a xeración X e os millenials, público ao que nos diriximos, arroxan unha perspectiva positiva do mercado de Estados Unidos cara aos vindeiros 10 anos, xa que eles sustituirán os Baby Boomers no consumo de viños. Ademais, conforman un público disposto a gastar máis por un viño de calidade e a probar elaboracións novas".

Desde Gregory+Vine destacaron os positivos resultados derivados da campaña de promoción 2017-2018, tamén reflectidos nas cifras de exportación, que creceron respecto ao período anterior.

Ademais de aumentar a súa presenza en medios de comunicación, a promoción dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas tamén se viu incrementada a través das distintas plataformas dixitais especializadas en viños. Por isto, nos vindeiros meses a estratexia dixital seguirase mantendo e, paralelamente, continuarán as colaboracións cos portais dixitais especializados en viños, ademais de accións promocionais en cidades como Nova York, Boston, Os Ánxeles, Washington, Miami o Houston, entre outras.

As campañas internacionais consisten nunha completa estratexia baseada en tres mensaxes: aos eslóganes "O viño branco por esencia –xa incorporado en 2017– e "Encontra o camiño a Rías Baixas" sumouse en 2018 "O viño de clase mundial Albariño Rías Baixas", un apelativo baseado na "descrición que fan os prescritores dos viños de Rías Baixas", indicou Mallory.

Tras a exposición de Gregory+Vine, o director xeral do Observatorio Español do Mercado do Viño (OEMV), Rafael del Rey, realizou unha radiografía da situación actual das exportacións españolas, cuxo valor sube. Centrou parte da súa exposición en Galicia, que actualmente ocupa o décimo segundo lugar en volume e o décimo terceiro en valor do conxunto das Comunidades Autónomas.

Os viños galegos xa exportan en valor un 41,5% a Estados Unidos e Reino Unido, e se engadimos China a cifra sube ao 50%. Este dato constata que os prezos medios dos viños galegos se sitúan por enriba dos prezos medios do viño en España. De feito, segundo dixo o director do OEMV, as tres primeiras comunidades por valor na categoría de viños brancos envasados son Castilla e León, Cataluña e Galicia.

Neste sentido, Rafael del Rey destacou a recuperación do mercado británico desde 2016, o crecemento de Estados Unidos e Alemaña desde 2014, a forte progresión dos Países Baixos e a estabilidade de Xapón. Unhas tendencias de mercado que se poden ver nas cifras de exportación da Denominación de Orixe Rías Baixas e que levan ao Consello Regulador a manter os seus plans de promoción internacionais –oito en 2018, concretamente en Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Irlanda, Países Baixos, Xapón, México e Polonia–, así como a realizar accións puntuais noutros países como Suíza e Canadá, ou a participar en feiras internacionais como as de Hong Kong e Singapur.

Importadores xaponeses nunha misión inversa organizada conxuntamente polo Consello Regulador Rías Baixas e a Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

A MÁIS IMPORTANTE IMPORTADORA RUSA BUSCA VIÑOS DA D.O.

30 xullo

Tres representantes da importadora rusa Simple Wines visitaron a D.O. Rías Baixas en busca de novas marcas, dun segmento medio-alto, para o seu portfolio e valoraron 77 viños no Pazo de Mugartegui. Os tres profesionais puideron constatar a calidade que precede a estes viños brancos da D.O. Rías Baixas, así como profundizar os seus coñecementos sobre estas e outras elaboracións, entre as que lles chamaron especialmente a atención os viños sobre lías. A cata cumpriu todas as expectativas, xa que segundo as súas declaracións atoparon marcas que a priori encaixaban no seu portfolio.

A empresa Simple factura uns 140 millóns de euros anuais e posúe 300 empregados, o que a converte na maior empresa importadora rusa, que xa conta na súa carteira con importantes viños españois doutras denominacións de orixe.

A directora de Marketing do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Eva Mínguez, explicou que "Rusia é un mercado potencial moi interesante para os nosos viños, aínda que sexa un mercado de tintos, xa que, como as cifras de exportación mostran, imos gañando cota de mercado ano a ano", polo que considerou que accións como esta "axudan a facernos, pouco a pouco, un oco nese mercado".

O INFORME DE ESTIMACIÓN DA COLLEITA 2018 REDÚCEA NUN 10%

10 agosto

O Órgano de Control e Certificación presentou ao Pleno do Consello Regulador da D.O.

Rías Baixas o Informe de Estimación de Colleita 2018. Este documento, baseado nos datos estimados polos técnicos de campo das empresas durante a primeira quincena do mes de xullo, constata que, ata ese momento, o viñedo se encontraba en moi bo estado sanitario, malia ser un ano moi complicado no aspecto meteorolóxico.

O documento estimou a produción de 2018 en "36 millóns de kilogramos de uva, un 10% menos que a colleita do 2017". Con ese volume de produción poderían vinificarse arredor de 24 millóns de litros.

Para a redacción deste informe, os técnicos do Consello Regulador supervisaron máis do 50% da superficie produtiva da denominación. Nel destacan que o índice de fertilidade deste ano é maior que o de 2017. Non entanto, estiman unhas mermas na colleita dun 10% debido principalmente a "problemas de corremento de flor e de enfermidades fúnxicas, sobre todo mildiu".

Neste sentido, lembra que os casos de mildiu se produciron especialmente nas subzonas do Condado do Tea e no Val do Salnés.

Esta situación vén propiciada por un ano climatoloxicamente "moi húmedo, con tormentas e alternancia de periodos con altas e baixas temperaturas".

Grupo de profesionais do sector vinícola dos Países Baixos que participaron nun seminario sobre os viños da D.O. Rías Baixas.

A CATA DA ASOCIACIÓN GALLAECIA REÚNE A 222 MARCAS DA D.O.

20 agosto

O Pazo de Mugartegui, sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, acolleu a cata para as distincións Gallaecia. A esta vixésimo primeira edición do certame que organiza a Asociación de Sumilleres de Galicia Gallaecia presentáronse 222 marcas de Rías Baixas.

Vinte e dous profesionais –entre sumilleres, enólogos, técnicos de Consellos Reguladores e críticos– foron os encargados de valorar as referencias, distribuidos en catro paneis de cata, sen recibir máis información sobre cada viño que a colleita á que correspondían, desde a de 2007 ata a de 2017, sen orde cronolóxica.

O presidente da Asociación de Sumilleres Gallaecia, Aurelio Vázquez, destacou as calidades de acidez e frescura que confiren o carácter aos viños atlánticos da D.O. Vázquez explicou que "nas colleitas máis antigas se aprecia que os viños evolucionan moi ben e presentan una complexidade moi grande". Exemplificouno cos viños da colleita 2007 catados, que valorou como "moi redondos, moi equilibrados, realmente uns grandes viños". A conclusión de Aurelio Vázquez ratificou que "a variedade albariño ten tendencia a envellecer moi ben".

NIELSEN DESTACA QUE A D.O. MANTÉN A SÚA COTA DE MERCADO

11 outubro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas presentou os resultados do "Informe anual do mercado de viños con D.O. Rías Baixas. Mercado español: canles de Alimentación e Hostalaría", elaborado por The Nielsen Company. No acto, o presidente do Consello, Juan Gil de Araujo, destacou que "mantivemos a nosa presenza no mercado nacional e melloramos no valor do noso produto", e engadiu que "esa é a liña por onde creo que debemos seguir".

Pola súa parte, Ricardo Alcón, comercial manager de Nielsen, explicou que "o comportamento do mercado das grandes denominacións de orixe neste momento está estancado en volume". En relación co valor, Alcón destacou que "continúa a revalorización, incluso máis acusada en 2018, cun incremento da facturación superior ao 7%".

O informe constata que os viños da D.O. Rías Baixas manteñen a súa cota de mercado en 2,9 puntos, afianzándose na sétima posición dentro do ranking de denominacións de orixe no mercado nacional. En Hostalería, Rías Baixas ocupa o quinto lugar, cun 3,5% de cota de mercado, mentres que en Alimentación mantén a súa cota en 2,2%, alcanzando o décimo posto.

O mercado do viño con D.O. suma novamente un lixeiro aumento dun 0,8%, sendo o único segmento que crece fronte á redución de volume dos viños sen Indicación Xeográfica.

Dentro deste contexto, o viño branco mantén o seu dinamismo, xunto aos viños rosados, en ambos canles, Alimentación e Hostalería. Precisamente no apartado de brancos con D.O., os de Rías Baixas manteñen a segunda posición, cunha cota de 10,5 puntos, un segmento onde continúa o liderazgo dos brancos de Rueda.

Outro aspecto que destaca este informe Nielsen é a revalorización de prezos dos viños con D.O., onde Rías Baixas mostra un incremento moderado de prezos medios, tanto en Alimentación como en Hostalería. Esta tendencia permítelle continuar cun diferencial de prezos importante respecto ao

Representantes das adegas premiadas na Cata das Colleitas, durante o acto de entrega dos recoñecementos.

resto de denominacións de orixe con peso no mercado de brancos. Ademais, os viños da D.O. Rías Baixas manteñen signos positivos na práctica totalidade de áreas xeográficas, xa que se atopan entre as cinco primeiras denominacións máis vendidas.

Nas súas conclusións, Nielsen aconsella aumentar e reforzar a presenza dos viños de Rías Baixas en aquelas zonas onde está menos implantado o seu consumo, como poden ser as áreas Sur e Noreste.

Para iso, o Consello Regulador debe continuar desenvolvendo a súa imaxe de marca, así como manter a expansión do seu coñecemento e notoriedade para asegurar o desenvolvemento e diversificación futuros.

ENTREGA DOS PREMIOS OBTIDOS NA CATA DAS COLLEITAS

23 novembro

A Denominación de Orixe Rías Baixas entregou os diplomas da sétima edición da súa Cata das Colleitas, nun acto celebrado no contorno do castelo de Soutomaior. Un total de 60 marcas pertencentes a 33 adegas recibiron os distintos recoñecementos –7 viños foron distinguidos co diploma de Gran Colleita de Ouro (ao conseguir unha puntuación superior a 92); 40 obtiveron o Colleita de Ouro (con entre 85 e 92 puntos) e 13 leváronse o Colleita de Prata (entre 82 e 85 puntos)–, na cata celebrada días antes no Hotel Vila Real de Madrid.

O acto de entrega dos premios contou coa participación do presidente do C.R.D.O, Juan Gil de Araujo; o director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois; o diputado provincial Javier Dios, e o xefe territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, Antonio Crespo Iglesias. Na súa intervención, Juan Gil de Araujo felicitou a todas as adegas recoñecidas e destacou "os magníficos resultados" da VII Cata das Colleitas. "Se é certo que en cada colleita había marcas que destacaban pola súa gran calidade, sorprende quizais que as colleitas que mellores sensacións presentaron fosen as máis vellas", asegurou. Unha circunstancia –engadiu– que corrobora "non só o rigoroso traballo de elaboración das adegas da D.O, senón tamén a excelente materia prima que posuímos, esas variedades autóctonas que miman con esmero os nosos viticultores".

A Cata das Colleitas ten carácter bienal e o seu obxectivo é demostrar as posibilidades de garda dos viños da denominación, así como o potencial enolóxico das variedades amparadas por ela.

CRECE O INTERESE POLO VIÑO ESCUMOSO DE CALIDADE

13 decembro

O C.R.D.O. Rías Baixas prevé certificar para o Nadal 2018 unhas 120.000 botellas de Rías Baixas Escumoso de Calidade. O director técnico do Consello, Agustín Lago, corroborou que existe un interese crecente por este produto.

Desde que este viño foi incluido no regulamento do Consello Regulador. en 2009, segundo a normativa europea, que distingue entre Escumoso e Escumoso de Calidade, "o número de adegas non deixou de crecer desde as cinco iniciais ata as 19 que están elaborando hoxe, pero tamén é certo que a produción durante estes dous anos se mantén algo estática", afirmou Lago. No mercado existen ata 20 marcas deste produto de Rías Baixas.

A normativa aplicada aos escumosos en Rías Baixas admite variedades brancas e tintas e distingue varios tipos segundo o nivel de azucre: Brut Nature (sen azucre), Extra Brut, Extra Seco, Seco, Semiseco e Doce (que leva maior cantidade de azucre).

Todos os Rías Baixas Escumosos de Calidade deben seguir o método tradicional do champenoise para a súa elaboración.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 28 DE MARZO DE 2018

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Estudo e valoración do informe sobre as auditorías realizadas aos viñedos inscritos e do estado dos rexistros (novas inscricións, arrinques, replantacións, conversión de dereitos e novas autorizacións do 2017).

• Estudo e valoración do informe referido á relación de viticultores que non tiveron actividade ao longo das cinco últimas campañas de vendima, tanto os referentes á campaña 2012-2016, como os da campaña 2013-2017.

• Estudo e valoración do informe relativo á verificación de aptitude dos viños, que evidencia un bo comportamento do volume de viño verificado e vendido ao longo de 2017, superando os 25 millóns de litros comercializados, o que reflicte un incremento do 9% respecto ao ano 2016. Tamén se detallan as cifras de verificación pechadas ata o día 28 de marzo de 2018, que amosan valores positivos.

• Estudo e valoración do informe de control do mercado: metodoloxía utilizada, actuacións realizadas, non conformidades detectadas e conclusións do mesmo: o etiquetado dos viños é correcto no 100% dos casos, coinciden as precintas coa trazabilidade e co reflectido nas etiquetas, a porcentaxe maioritaria dos viños atopados pertence ás últimas colleitas, aumento xeralizado de prezos.

• Estudo e valoración das actividades realizadas ao longo do primeiro trimestre e das accións pendentes de realizar ata concluír o mes de xuño.

• Estudo e valoración da estratexia de medios para a campaña de Semana Santa: cobertura e afinidade, ademais de frecuencia e notoriedade (soportes e formatos); rexuvenecer o público obxectivo en 5 anos (+25 anos); clase media, media alta, e alta; campaña nacional con reforzo en Galicia; manter os suplementos dominicais e a televisión; reforzo en revistas femininas orientado ao "core target"; afinar os contidos en Internet como medio para achegarnos ao público máis novo; televisión como medio principal, alternando o spot novo cos anteriores; buscar a cobertura coas revistas e suplementos, e a afinidade nas revistas femininas; disporemos da "landing page" para ter frecuencia. Investimento previsto de 565.887,86 euros.

• Repaso da xestión de cobros das cotas de 2017.

• Repaso da execución dos orzamentos de 2018, pechados en día 28 de febreiro.

• Informa o presidente sobre as reunións mantidas coa alcaldesa, Fátima Abal Roma, e o grupo de goberno do Concello de Cambados, ao obxecto de reconducir e mellorar algúns aspectos da Festa do Viño.

• Informa o presidente sobre a reunión mantida coa presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Carmela Silva, e a total disposición deste organismo para colaborar co sector do viño e a Ruta do Viño Rías Baixas.

• Informa o presidente da iniciativa de delegar no vicepresidente a convocatoria dunha reunión para sondar o interese do sector sobre os viños parcelarios.

• Proposta para que se informe á directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da preocupación dos viticultores polos retrasos de 3 ou 4 anos na tramitación de expedientes por parte do Catastro, coa conseguinte dilación na resolución de expedientes por parte das oficinas de Extensión Agraria, co rogo de que esixan ao Catastro que axilice e resolva os expedientes nun prazo non superior aos 2 anos.

De izquierda a dereita, o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo; o director do Observatorio Español do Mercado do Viño (OEMV), Rafael del Rey, e as dúas directoras de contas de Gregory+Vine, Natasja Mallory e Trish Heywood.

• Informa o presidente sobre as reunións mantidas na Consellería do Medio Rural coa conselleira, Ánxeles Vázquez Mejuto, e a directora xeral, Belén Docampo, a instancia dos asuntos falados nas comisións: a preocupación polos inconvenientes e desvantaxes dos nosos viticultores á hora de optar a autorizacións de plantación, as axudas OCM e as dificultades para acceder ás mesmas, a iniciativa lexislativa sobre prevención de bebidas alcólicas en menores, a simplificación dos trámites administrativos, o novo marco de etiquetado de viños e bebidas alcólicas con información nutricional e ingredentes, a nova PAC e outros cambios que afectarán ao sector do viño.

ACORDOS ADOPTADOS:

• O Pleno acorda dar de baixa a 8 viticultores en virtude do artigo 18.3 do Regulamento (por falta de actividade durante 5 anos consecutivos). Ao respecto, os señores vogais propoñen aproveitar a carta das

normas de vendima para informar do artigo 18.3 a todos os inscritos.

• Apróbase a nova peza gráfica da campaña, consistente nunha hamburguesa (novo anuncio e "landing page" que inclúe o "making off" do mesmo), por un importe de 20.800 euros.

• Apróbanse as contas do 2017 e a proposta de peche do exercicio orzamentario.

• Apróbase a proposta de despido por causas obxectivas da traballadora María del Carmen Moares Quiñones.

• O pleno aproba o orzamento e elixe a empresa para a execución das obras nas oficinas do Pazo de Mugartegui, destinando un importe de 60.000€uros para obras, acondicionamentos e mobiliario.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 21 DE XUÑO DE 2018

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Estudo e valoración das estatísticas de viño verificado ao longo do ano e da súa comparativa con exercicios pasados.

• Estudo e valoración dos resultados da campaña de Semana Santa.

• Estudo e valoración da estratexia de medios para a segunda tempada do ano, correspondente aos meses de verán, seguindo a estratexia marcada para todo o ano e posta en marcha durante a Semana Santa: cobertura e afinidade, así como notoriedade e posicionamento, ademais dunha chiscadela ao público feminino e achegamento á mocidade. Investimento previsto de 56.979,78€uros.

• Estudo das actividades realizadas polo departamento de promoción e das pendientes de realizar.

• Estudo e valoración dunha viaxe de estudos dos señores vogais á Denominación de Orixe Chablís (Francia).

• Estudo e valoración da proposta da axencia Gregory and Wine para a Campaña USA 2018-2019, por un importe de 355.000 euros.

• Estudo e valoración doutras actividades propostas: misión de compradores de Asia.

• Estudo e valoración sobre as Festas do Viño: Festa do Viño de Cambados e XXX edición da Cata Concurso, Feira do Viño do Rosal e Festa do Viño do Condado.

• Presentación do informe de Auditoría de Estados Financieiros do exercicio 2017.

• O presidente informa sobre as solicitudes de ampliación da Denominación de Orixe recibidas de asociacións de viticultores e concellos. Por esta razón, e co obxecto de dar cumprimento aos asuntos debatidos nas comisións de Viticultura e Permanente, manifesta a súa intención de encargar un estudo aos Servizos Técnicos.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Apróbanse as melloras propostas no Manual de Calidade.

• Á vista do informe elaborado polo Departamento Técnico, os señores vogais do Pleno acordan calificar a colleita do 2017 como "moi boa".

• Apróbanse as modificacións propostas nas normas de vendima para a campaña 2018, que se centran en clarificar a situación das adegas no caso de que un mesmo viticultor venda a máis dun cliente e en insistir na prohibición de ceder a Tarxeta de Viticultor.

• Acéptanse as alegacións manifestadas por 5 viticultores xustificando as razóns polas que non tiveron actividade durante a última campaña de vendima.

• Acórdase establecer, conxuntamente co Concello de Cambados, un horario de peche das casetas ás 3.00 horas da madrugada durante os días que dura a Festa do Viño Albariño de Cambados. Tamén acordan rebaixar a 600 euros o importe da participación das adegas no Paseo da Calzada.

• Acórdase asinar os convenios de colaboración coa Asociación de Amigos do Capítulo Serenísimo do Albariño, a Confraría do Viño do Condado e os Escumosos e a Asociación de Adegas do Rosal, para o impulso das súas respectivas actividades e festas.

• Apróbase a Memoria de Actividades do exercicio 2017.

Imaxe das tarefas realizadas no interior dunha adega durante a vendima de 2018.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 31 DE XULLO DE 2018

• Estudo do estado de execución dos orzamentos pechados a día 30 de xuño de 2018.

• Estudo e valoración sobre as propostas lexislativas para a PAC post-2020 en aqueles aspectos que afectan ao viño.

• Presentación das propostas de nomeamentos do Consello Regulador para a presente edición do Capítulo Serenísimo do Albariño.

• Estudo da solicitude formulada ao Pleno polo vogal Manuel A. Dopazo para formar parte da Comisión de Viticultura.

• Informe sobre as modificacións propostas polo Ministerio de Agricultura ao Real Decreto 772/2017, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Aprobación do informe técnico sobre estimación de vendima para a campaña 2018.

• Estudo da proposta de plan de retribución variable para o persoal do Consello Regulador. Os vogais aproban o modelo proposto, pero conxelan a súa entrada en vigor e suxiren seguir traballando no seu desenvolvemento co compromiso de non implantalo ata que non estean seguros de que sirva para cumprir os obxectivos para os que está pensado.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 20 DE DECEMBRO DE 2018

ASUNTOS ANALIZADOS:

Antes do inicio da reunión, os señores vogais manifestan o seu desexo de transmitir o seu pésame ás familias dos mariñeiros e do patrón falecidos no afundimento do "Sin Querer Dos" fronte á costa de Fisterra.

Toma posesión o vogal Lázaro Gándara Sobrino, quen se incorpora ao Pleno do Consello Regulador como representante da adega Eidosela (censo C), en sustitución da adega Viña Moraima, cuxa representante, María Salomé Cancela Romero, presentara previamente a súa renuncia.

• Presentación, análise e debate sobre o Informe de Campaña de Vendima 2018.

• Presentación e estudo do Informe sobre as actividades do Órgano de Control: expedientes de altas, baixas, cambios de titular, etc.; auditorías de viñedos; auditorías de adegas, de embotellados e de marcas, e o estado da acreditación do Consello Regulador na Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012.

• Presentación e valoración do Informe sobre viño verificado.

• Estudo do informe presentado polos Servizos Técnicos coa proposta de baixa nos rexistros de adegas por inactividade e viticultores por non subsanar as non conformidades detectadas.

• Estudo e valoración da estratexia de medios para a terceira parte do ano, correspondente ao Nadal. A campaña mantén a estratexia de todo o ano: cobertura e afinidade, así como notoriedade e posicionamento. O investimento ascende a 501.605,50 euros.

• Estudo e valoración do estado de execución dos orzamentos do 2018, pechados en data 14 de decembro.

• Debate sobre a cada vez maior limitación no uso de tratamentos para a prevención de enfermidades da viña.

• Debate sobre a situación do Brexit.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Apróbase o plan integral de promoción, marketing, relacións públicas e comunicación para o exercicio 2019, cun custo estimado de 2.617.890 euros.

• Acórdase propoñer, para a xestión e organización da Festa do Albariño de Cambados, a creación dunha Comisión de Organización participada polo Concello de Cambados, o Consello Regulador e as adegas expositoras, e que sexa esa xestora quen suxira as melloras que incorporar.

• Apróbase o adianto dos días de celebración da Cata Concurso, pasándoa ao xoves e venres, en lugar de sábado e domingo.

• Decídese manter para 2019 as mesmas cotas e importes vixentes: unha cota fixa de renovación rexistral por un importe de 7 euros por viticultor; unha cota variable de 5 euros por cada 1.000 metros cadrados de superficie inscrita; unha cota de 25 euros para novas inscricións; unha cota de 66,67 por cada 1.000 litros de viño verificados, e manter as marxes sobre o prezo de compra das precintas.

• Aprobación da proposta de orzamentos para o exercicio 2019, para un volume de ingresos previstos de 4.023.050 euros.

• Estudo e revisión particularizada dos salarios do persoal.

• Debate e aprobación da proposta para renovar a Comisión de Viticultura coa inclusión, a petición propia, dos vogais José Chaves Martínez e Manuel A. Dopazo Padín.

De esquerda á dereita: a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén Docampo; o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo; a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez Mejuto; o director xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, e o delegado territorial da Xunta, José Manuel Cores Tourís, no acto de presentación dos datos de exportación de 2017.

REUNIÓN DAS COMISIÓNS DO PLENO

• **Comisión Permanente:**
  13 de marzo de 2018.
  05 de xuño de 2018.
  17 de xullo de 2018.
  12 de novembro de 2018.
  04 de decembro de 2018.

• **Comisión de Viticultura:**
  16 de febreiro de 2018.
  16 de maio de 2018.
  05 de novembro de 2018.

• **Comisión de Promoción:**
  22 de febreiro de 2018.
  25 de maio de 2018.
  10 de outubro de 2018.
  04 de decembro de 2018.

• **Comisión de Lexislación e Certificación:**
  12 de abril de 2018.

Facebook

- Durante o ano 2018, a comunidade virtual chegou aos 40.085 seguidores, moi preto respecto ao seu competidor de Ribera del Duero (43.865 seguidores) e aumentou a interacción na Fan Page da D.O. Rías Baixas, con máis de 1.400 contidos compartidos e preto de 1.400 comentarios en publicacións.

- Continuouse coa liña de publicacións con carga visual e audiovisual, a través de microvídeos e pezas informativas relacionadas coa viticultura e a actividade do Consello Regulador. Difundíronse vídeos en directo en certos actos, como como o Día Movemento Viño D.O.; elaborouse un vídeo compilatorio da campaña #EuSonAlbariñoRíasBaixas (#YoSoyAlbariñoRíasBaixas) sobre a Festa do Viño Albariño D.O. Rías Baixas en Cambados, e realizouse unha serie especial de publicacións co gallo do 30 aniversario da creación do C.R.D.O.

- Promovéronse posts patrocinados e desenvolvéronse varios concursos e sorteos, o máis exitoso deles o relacionado co Mundial de Fútbol, no que os seguidores propoñían o seu resultado para o partido da selección española. Ademais, seguiuse coa integración off e on line coa incorporación de sorteos exprés para os Salóns do Viño e catas con usuarios.

- Incorporáronse novos contidos ás microseccións propias, como as Frases do Viño, as curiosidades, o Diccionario do Viño e as maridaxes.

Twitter

- En 2018 conseguiuse un incremento de 1.200 seguidores do usuario @Rias_Baixas con respecto ao ano anterior.

- Continuouse apostando polo contido visual, coas microseccións como o #SabíasQue e as campañas mensuais de tuits patrocinados, contribuíndo así a incrementar o coñecemento sobre o C.R.D.O. A taxa de éxito chegou ao 106,46%, superando de lonxe aos seus inmediatos competidores (Penedés -60,56%; Rioja -45,94%-; Rueda -37,53%- e Ribera del Duero -14,59%-).

- Fíxose especial fincapé na promoción das actividades do C.R.D.O. Rías Baixas dentro e fóra de Galicia, que permitiron a interacción con outros perfís do Consello Regulador alén España (por exemplo, os relativos s aos Plans de EE UU e Reino Unido).

- Entre os contidos máis aceptados atopáronse a cualificación da Colleita 2017, a Festa do Viño Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas en Cambados, e o seguemento das misións inversas e accións promocionais fóra do territorio galego.

YouTube

- Seguiuse incrementando o arquivo audiovisual da canle do C.R.D.O. Rías Baixas en YouTube coa incorporacón de máis de 20 microvídeos dun minuto aproximadamente, cos que se conseguiu incrementar o número de subscritores ata 200 e acumular preto de 61.000 visualizacións.

- Os vídeos con meirande número de reproducións corresponderon aos relacionados co resumo nun minuto do proceso da vendima, a Festa do Viño Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas ou a evolución da D.O. Rías Baixas nas súas tres décadas de existencia.

Instagram

- A aposta por contidos orixinais e específicos derivou nun incremento de máis de 1.000 seguidores, situándose nos 3.100, superando a Rueda (2.487 seguidores) e preto de Penedés (4.153), e a máis distancia de Rioja (9.295) e Ribera del Duero (18.455).

- Publicáronse máis de 110 fotografías nesta rede social, cunha media de 2,5 publicacións por semana. O alcance dos posts superou os 30.000 usuarios.

- Promoveuse a interacción cos usuarios, tanto nas accións do C.R.D.O. como nas publicacións de usuarios e de adegas inscritas, nas que se mencionan especificamente viños da D.O.

Blog

- Seguiuse incrementando o número de entradas no blog Bebe Rías Baixas. Incorporáronse novas reportaxes aos contidos da bitácora dixital do Consello Regulador, tanto específicos sobre sobre viticultura como sobre os viños e as adegas inscritas. Ademais, iniciouse unha nova serie de reportaxes sobre a arquitectura das adegas da D.O.

- Rexistráronse preto de 10.000 sesións, das cales 8.876 (92,2%) foron de novos usuarios e algo máis de 751 (7,8%) corresponderon a usuarios que repiten. A duración media por sesións estableceuse en 1,32 minutos (a media nunha web é de 30 segundos), cunha media de 1,24 páxinas vistas por sesión.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.eu

Realiza: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO
D.L.: PO 582-2019

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

FEADER
Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA